

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 7639** *Orde AAA/1357/2016, do 29 de xullo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras; o anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura; e o anexo III do Real decreto 841/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións básicas de recolla, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das especies bovina, ovina, caprina e porcina, e dos équidos.*

O Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, ten por obxecto establecer as normas básicas e de coordinación deste programa nacional e a regulación da normativa zootécnica dos animais de raza e équidos rexistrados.

A devandita disposición incorpora no seu anexo I o Catálogo oficial de razas de gando de España.

De acordo co artigo 6 do citado real decreto, o recoñecemento, clasificación e incorporación de razas no catálogo oficial serán realizados de acordo cos procedementos establecidos para estes efectos pola Comisión Nacional de Coordinación para a conservación, mellora e fomento de razas gandeiras prevista no artigo 34, que incluirán en todo caso a presentación e análise da documentación da correspondente raza, ben como o seu informe preceptivo.

O obxecto desta orde é, por unha parte, actualizar ese anexo, mediante a súa substitución por un novo que incorpora varias razas, suprime tres e modifica a denominación doutras dúas razas, e que se basea en propostas que foron admitidas en distintas reunións da citada Comisión Nacional de Coordinación celebradas con posterioridade á publicación do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro.

A Comisión Nacional de Coordinación celebrada o 19 de xuño de 2013 emitiu informe favorable á inclusión da raza Caballo de las Retuertas no Catálogo oficial de razas de gando de España.

A Comisión Nacional de Coordinación celebrada o 22 de xullo de 2015 emitiu informe favorable sobre a modificación da denominación das razas Oveja Gallega e Cabra Gallega por Ovella Galega e Cabra Galega, a incorporación das razas de Gallina Pedresa, Cabra Blanca de Rasquera e Vaca Pallaresa e, así mesmo, suprímense o Porco Branco Belga e Hampshire por non teren censo en España e a Cabra Alpina por carecer de asociación de criadores e xestión do libro xenealóxico, no Catálogo oficial de razas de gando de España.

A Comisión Nacional de Coordinación celebrada o 9 de decembro de 2015 emitiu informe favorable á incorporación da variedade de Merino de los Montes Universales e das razas cunícolas Antiguo Pardo Español e Gigante de España.

Por outra parte, o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, establece os requisitos que deben cumplir os animais da especie canina para a súa inclusión no libro xenealóxico correspondente e os criterios para o recoñecemento oficial daquelas entidades que pretendan a súa xestión.

A citada disposición incorpora no seu anexo a lista das razas caninas españolas.

Tamén é obxecto desta orde modificar o citado anexo para incluír as tres razas puras caninas españolas Podenco Paternino, Podenco Valenciano e Perro Leonés de Pastor. As propostas de inclusión das dúas primeiras razas recibiron informe favorable da Comisión

Nacional de Coordinación na súa reunión do día 19 de xuño de 2013 e a última das razas na reunión do 22 de xullo de 2015. Na actualidade, en virtude da disposición derradeira terceira do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, as referencias que se fagan no Real decreto 558/2001, do 25 de maio, ao Comité de Razas de Gando de España enténdense feitas á Comisión Nacional de Coordinación regulada no citado Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro.

A presente orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, que faculta o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar, precedendo informe da Comisión Nacional de Coordinación, o Catálogo oficial de razas de gando de España, e da habilitación contida na disposición derradeira terceira do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, que faculta o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a modificación e inclusión no anexo de novas razas caninas, precedendo informe do Comité de Razas de Gando de España.

Igualmente, en uso da habilitación conferida ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente na disposición derradeira segunda do Real decreto 841/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións básicas de recolla, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das especies bovina, ovina, caprina e porcina, e dos équidos, cómpre modificar o seu anexo III para acrecentar novos códigos para a Vaca Pallaresa, a Cabra Blanca de Rasquera, o Caballo de las Retuertas e a variedade de Merino de los Montes Universales, como consecuencia da modificación do anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro.

Na tramitación da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

Substitúese o anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, relativo ao Catálogo oficial de razas de gando de España, polo incluído no anexo desta orde.

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.*

Incorpóranse no anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, as razas puras caninas españolas Podenco Paternino, Podenco Valenciano e Perro Leonés de Pastor.

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 841/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións básicas de recolla, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das especies bovina, ovina, caprina e porcina, e dos équidos.*

No anexo III do Real decreto 841/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións básicas de recolla, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das especies bovina, ovina, caprina e porcina, e dos équidos, acrecéntanse as seguintes novas razas e o seu código correspondente: Vaca Pallaresa na codificación das razas bovinas do catálogo, Cabra Blanca de Rasquera na codificación de razas caprinas do catálogo, Caballo de las Retuertas na codificación de razas equinas do catálogo e Oveja Merina variedade de los Montes Universales na codificación de razas ovinas do catálogo, todas elas, pola súa vez, na epígrafe de razas autóctonas en perigo de extinción:

Raza: Pallaresa.  
Código: BPL.  
Raza: Blanca de Rasquera.  
Código: CBR.  
Raza: Caballo de las Retuertas.  
Código: ERE.  
Raza: Merina, variedade Montes Universales.  
Código: OMEMU.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»

Madrid, 29 de xullo de 2016.– A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.

## ANEXO

### «ANEXO I

#### Catálogo oficial de razas de gando de España

##### 1. Razas autóctonas:

###### a) De fomento:

- 1.º Especie bovina: Asturiana de los Valles, Avileña-Negra Ibérica, Lidia, Morucha, Parda de Montaña, Pirenaica, Retinta e Rubia Galega.
- 2.º Especie ovina: Carranzana, Castellana, Churra, Latxa, Manchega, Merina, Navarra, Ojinegra de Teruel, Rasa Aragonesa e Segureña.
- 3.º Especie caprina: Florida, Majorera, Malagueña, Murciana-Granadina, Palmera e Tinerfeña.
- 4.º Especie porcina: Ibérico, Ibérico (variedad Retinto) e Ibérico (variedad Entrepelado).
- 5.º Especie equina cabalar: Española.
- 6.º Especie aviar: Combatiente Español.

###### b) En perigo de extinción:

- 1.º Especie bovina: Albera, Alistana-Sanabresa, Asturiana de la Montaña, Avileña-Negra Ibérica (variedad Bociblanca), Berrenda en Colorado, Berrenda en Negro, Betizu, Blanca Cacereña, Bruna de los Pirineos, Cachena, Caldelá, Canaria, Cárdena Andaluza, Frieiresa, Limiá, Mallorquina, Marismeña, Menorquina, Monchina, Morucha (variedad Negra), Murciana-Levantina, Negra Andaluza, Pajuna, Pallaresa, Palmera, Pasiega, Sayaguesa, Serrana Negra, Serrana de Teruel, Terreña, Tudanca e Vianesa.
- 2.º Especie ovina: Alcarreña, Ansotana, Aranesa, Canaria, Canaria de Pelo, Carranzana (variedad negra), Cartera, Castellana (variedad negra), Chamarita, Churra Lebrijana, Churra Tensina, Colmenareña, Ovella Galega, Guirra, Ibicenca, Lojeña, Maellana, Mallorquina, Manchega (variedad negra), Menorquina, Merina (variedad negra), Merina (variedad de los Montes Universales), Merina de Grazalema, Montesina, Ojalada, Palmera, Ropollesa, Roja Mallorquina, Roya Bilbilitana, Rubia del Molar, Sasi Ardi, Talaverana, Xalda e Xisqueta.
- 3.º Especie caprina: Agrupación de las Mesetas, Azpi Gorri, Blanca Andaluza ou Serrana, Blanca Celtibérica, Blanca de Rasquera, Bermeja, del Guadarrama,

Cabra Galega, Ibicenca, Mallorquina, Moncaína, Negra Serrana, Payoya, Pirenaica, Retinta e Verata.

4.º Especie porcina: Celta, Chato Murciano, EuskalTxerria, Gochu Asturcelta, Ibérico (variedades Torbiscal, Lampiño e Manchado de Jabugo), Negra Canaria e Negra Mallorquina.

5.º Especie equina cabalar: Asturcón, Burguete, Caballo de las Retuertas, Caballo de Monte de País Vasco, Cabalo de Pura Raza Galega, Cavall Pirinenc Català, Hispano-Árabe, Hispano-Bretón, Jaca Navarra, Losina, Mallorquina, Marismeña, Menorquina, Monchina e Pottoka.

6.º Especie equina asnal: Andaluza, Asno de las Encartaciones, Balear, Catalana, Majorera e Zamorano-Leonés.

7.º Especies aviarias: Andaluza Azul, Euskal Antzara, Euskal Oiloa, Galiña de Mos, Gallina Castellana Negra, Gallina Empordanesa, Gallina Ibicenca, Gallina del Sobrarbe, Gallina del Prat, Gallina Pedresa, Indio de León, Mallorquina, Menorquina, Murciana, Pita Pinta, Penedesenca, Pardo de León, Utrerana, Oca Empurdanesa e Valenciana de Chulilla.

8.º Outras especies: Camello Canario, Conejo Antiguo Pardo Español e Conejo Gigante de España.

2. Razas integradas en España:

a) Especie bovina: Blonda de Aquitania, Charolesa, Fleckvieh, Frisoa, Limusina, Parda.

b) Especie ovina: Berrichon du Cher, Charmoise, Fleischschaf, Île de France, Landschaff e Meiriño Precoz.

c) Especie porcina: Duroc, Landrace, Larxe White e Pietrain.

d) Especie equina cabalar: Árabe, Anglo-Árabe, Puro Sangue Inglés, Trotador Español.

3. Razas da Unión Europea:

a) Especie ovina: Lacaune.

4. Razas de terceiros países:

a) Especie ovina: Assaf.

5. Razas sintéticas españolas:

a) Especie ovina: Salz.

6. Outros équidos rexistrados:

a) Caballo de Deporte Español (C.D.E.)»